



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas

Materia	Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas			
Código	O03G730V01917			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sínale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	5	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Prol, Francisca			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca			
Correo-e	franfernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudio da política social europea: normativa social europea, institucións e outros actores da política social europea.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C59	CEI 12 - Coñecer as políticas e o Dereito Social da Unión Europea e a súa repercusión no ordenamento interno.
C60	CEI 13 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos derivados das políticas e o Dereito Social da Unión Europea e abordar a súa solución mediante o manexo e interpretación de fontes xurídicas comunitarias e internas e a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea	A1	B1	C59	D1
	A2	B2	C60	D3
	A3	B3		D4
	A4	B4		D5
	A5			

**Contidos**

Tema	
Tema I. A Unión Europea e a súa Política Social	1. Evolución da política social da Unión Europea. 2. O Tratado da Unión Europea e o Tratado de Funcionamento da Unión Europea. 3. A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. 4. O aparello institucional. a) O Consello Europeo. b) A Comisión Europea. c) O Consello da Unión Europea. d) O Parlamento Europeo. e) O Tribunal de Xustiza. f) O Comité Económico e Social. g) Outros. 5 As normas da Unión Europea. a) Dereito orixinario e derivado. b) Regulamentos e Directivas. c) Actos non vinculantes: soft law.
Tema II. A libre circulación de traballadores e outras liberdades fundamentais.	1. A libre circulación de traballadores: contido esencial. O Regulamento 492/2011. 2. Ámbito subxectivo e limitacións. 3. Libre prestación de servizos e libre establecemento. 4. Desprazamentos transnacionais de traballadores: a Directiva 96/71/CE. A cesión transnacional de traballadores: a Directiva 2008/104/CE.
Tema III. Os dereitos dos nacionais de terceiros países	1. O Estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración: a Directiva 2003/109/CE. 2. O permiso único de residencia e o traballo de nacionais de terceiros países: a Directiva 2011/98/UE. 3. A posición xurídica subxectiva de nacionais de terceiros países. Especial referencia ao principio de igualdade de tratamento. 4. A prevención e a loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas: a Directiva 2011/36/UE.
Tema IV. A Seguridade Social dos traballadores migrantes.	1. Marco normativo: Reglamentos 883/2004 e 987/2009. A opción pola coordinación dos Sistemas nacionais de Seguridade Social.- 2. Aplicabilidade dos Convenios Bilaterais anteriores.- 3. Determinación da normativa aplicable.- 4. Principios de coordinación dos Sistemas nacionais de Seguridade Social: principio de igualdade, principios de conservación e de exportación extraterritorial de dereitos, principios de totalización dos períodos contizados e de prorrateo das prestacións.
Tema V. Crises e reestruturacións de empresas	1. Despedimentos colectivos: a Directiva 1998/59/CE. 2. Dereitos dos traballadores en caso de traspaso de empresa, centros de actividade ou partes de centros de actividade: a Directiva 2001/23/CE. Garantías en caso de insolvencia do empresario: a Directiva 2008/94/CE.
Tema VI. Igualdade e non discriminación. Por sexo. Por outras causas	1. As orixes. O mainstreaming. 2. Igualdade retributiva entre mulleres e homes. 3. Igualdade no acceso e nas condicións de traballo. 4. Carga da proba e disposicións horizontais. 5. Igualdade na Seguridade Social. 6. Conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade entre sexos. 7. Protección da maternidade. 8. Discriminación racial: a Directiva 2000/43. 9. Outras causas de discriminación: a Directiva 2000/78/CE.
Tema VII. Seguridade e saúde no traballo. Xeral	1. A Directiva marco e as Directivas específicas. 2. As obrigas da empresa. Avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva. 3. Servizos de protección e prevención. 4. Participación dos traballadores. 5. A Directiva 94/33 relativa á protección dos mozos no traballo.
Tema VIII. Seguridade e saúde no traballo. Tempo de traballo.	1. A Directiva 2003/88/CE; xénese e evolución. 2. Cocepto de tempo de traballo. 3. Límites indispoñíbeis e dispoñíbeis. Opting out. 4. Directivas específicas.
Tema IX. Traballadores atípicos. Dereitos elativos ao contrato de traballo.	1. Contratos a tempo parcial. A Directiva 1997/81/CE. 2. Contratos temporais. A Directiva 1999/70/CE. 3 Referenza a traballadores de empresas de traballo temporal. 4. O Acordo marco europeo do teletraballo. 5. A Directiva 2019/1152, relativa a unas condicións laborais transparentes e previsibles na Unión Europea. 6. A Directiva 2022/2041, sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea
Tema X. Información e consulta dos traballadores. Diálogo social e negociación colectiva.	1. Marco xeral: a Directiva 2002/14/CE. Comités de empresa europeos: a Directiva 2009/38/CE. 3. Participación na sociedade anónima e na sociedade cooperativa: as Directivas 2001/86/CE e 2003/72/CE. 4. Referencia ás Directivas de crise e reestruturacións. 5. Os interlocutores sociais europeos. 6. Diálogo social e negociación colectiva. 7. Os Acordos Marco europeos.

Tema XI. A política europea de emprego.  
Flexiseguridade

1. A Estratexia Europea de Emprego. 2. As directrices xerais de emprego e os plans de acción nacionais. 3. O método aberto de coordinación. 4. A flexiseguridade. 5. A rede EURES. 6. O Fondo Social Europeo

Tema XII. Lei aplicable e competencia xudicial

1. A competencia xudicial. O Regulamento UE/1215/2012. En materia de contrato de traballo. 2. Lei aplicable: O Regulamento 593/2008. Doutrina xudicial. 3. Referencia aos traballadores desprazados.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	33	33	66
Presentación	1	10	11
Estudo de casos	17	21	38
Estudo de casos	0	1	1
Presentación	0	1	1
Exame de preguntas obxectivas	1	10	11
Exame de preguntas obxectivas	1	10	11
Exame de preguntas obxectivas	1	10	11

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Estudo de casos	Análises dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Entrevistas, conversacións do docente cos alumnos para resolver dúbidas plantexadas como consecuencia da explicación teórica. Poderán desenvolverse presencialmente ou de modo telemático, baixo a modalidade de concertación previa. O horario de titoría pode consultarse na web do centro: <a href="http://dereito.uvigo.es/es/">http://dereito.uvigo.es/es/</a>
Estudo de casos	Entrevistas, conversacións do docente cos alumnos para resolver dúbidas plantexadas como consecuencia da resolución de casos prácticos, análises de xurisprudencia... Poderán desenvolverse presencialmente ou de modo telemático, baixo a modalidade de concertación previa. O horario de titoría pode consultarse na web do centro: <a href="http://dereito.uvigo.es/es/">http://dereito.uvigo.es/es/</a>
Presentación	Entrevistas, conversacións do docente cos alumnos para resolver dúbidas plantexadas como consecuencia do estudo da temática obxecto de presentación/exposición. Poderán desenvolverse presencialmente ou de modo telemático, baixo a modalidade de concertación previa. O horario de titoría pode consultarse na web do centro: <a href="http://dereito.uvigo.es/es/">http://dereito.uvigo.es/es/</a>

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	20	A1 B4 C59 A2 C60 A3 A4 A5
	Resultados da aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea		

Estudo de casos	Análises dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	20	A1 B3 C59 D3 A2 B4 C60 D4 A3 D5 A4 A5
Resultados da aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea			
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20	A2 B1 C59 D1 A3 B2 C60 D4 D5
Resultados da aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea			
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20	A2 B1 C59 D1 A3 B2 C60 D4 D5
Resultados da aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea			
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20	A2 B1 C59 D1 A3 B2 C60 D4 D5
Resultados da aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da Unión Europea, as súas principais fontes e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea			

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos/as poden optar, no prazo de 10 días hábiles seguintes á primeira mensuralidade de actividade docente, entre dous sistemas de avaliación, determinantes da consecución dos seguintes resultados de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar críticamente a política social da UE, as súas principais fontes e a Xurisprudencia do Tribunal de Xustiza.

1. Sistema de avaliación continua 2. Sistema de avaliación final

**1. Sistema de avaliación continua:** Para acollerse ao sistema de avaliación continua e aprobar a materia mediante este sistema, o alumno deberá cumprir os requisitos seguintes: A. Acreditar a asistencia a un 80% das clases [maxistras e grupos medianos]-, sen que, salvo casos excepcionais [ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico]-, se permita xustificar a ausencia. De non acreditar dita asistencia mínima, o alumno/a quedará automaticamente excluído do sistema de avaliación continua, debendo, por tanto, someterse ao sistema de avaliación final. B. Obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media ponderada que resulte das cualificacións obtidas nas distintas probas que se realizarán ao longo do cuadrimestre. Ao ser as probas a desenvolver liberatorias para as avaliacións de decembro e xaneiro, esixiráselle ao alumno/a, ademais, que nas distintas probas obteña una cualificación mínima de 4 (xa que logo, de 4 ou superior).

**I. Avaliación decembro-xaneiro:** A avaliación da materia ou nota final será o resultado da suma das cualificacións acadadas nas seguintes probas obrigatorias: - 3 Probas tipo test (representando, cada unha delas, o 20% da nota final). Nas datas que se concretarán no cronograma que se facilitará ao comezo do cuadrimestre -aproximadamente nas semanas cinco, dez e quince do cuadrimestre-, os estudantes realizarán tres probas tipo test de preguntas pechadas de elección múltiple (sinalando unha resposta entre un número limitado de posibilidades). As citadas probas tipo test incluírán preguntas de carácter teórico (contidos propios das clases maxistras) e de carácter práctico (contidos propios de grupos medianos), avaliándose dos resultados de aprendizaxe e formación A2, A3, B1, B2, C59, C60, D1, D4, D5. Para aprobar a materia por avaliación continua, a cualificación media dos tres test debe ser polo menos igual a 5 e o alumno deberá obter nas tres probas tipo test unha cualificación polo menos igual a 4. - Probas en grupos medianos (20% da nota final). No marco dos grupos medianos, formularanse distintas tarefas -casos prácticos, comentarios de sentenzas...- que serán entregadas ou expostas en clase segundo os prazos previstos no cronograma previamente facilitado. Procederáse á corrección das devanditas tarefas na aula. Con todo, a efectos de cualificación, seleccionaranse dúas tarefas [idénticas para todos- entre todas as formuladas, dos resultados de aprendizaxe e formación A2, A3, A4, A5, B3, B4, C59, C60, D3, D4, D5. - Presentación/exposición de traballos (20% da nota final). O alumno/a realizará e presentará un traballo froito do estudo e investigación dunha temática concreta obxecto da materia, avaliándose dos resultados de aprendizaxe e formación A1, A2, A3, A4, A5, B4, C59, C60.

O alumno que obteña unha cualificación de 5 ou superior na avaliación continua e obtivese unha cualificación de 4 ou

superior nas distintas probas quedará exento do exame final. Se o alumno ten suspensa algunha das probas tipo test ou as probas en grupos medianos cunha cualificación inferior a 4, poderá optar por ir ao exame final, na data oficialmente prevista, con toda a materia ou examinarse únicamente da parte suspensa, pero, neste último caso, a cualificación final desa parte suspensa será unha media ponderada entre a primeira cualificación inferior a 4- (10%) e a obtida posteriormente (90%). En todo caso, se algún alumno, con motivo suficientemente documentado e xustificado -ex. ingreso hospitalario-, non poidese realizar algunha das probas na data prevista, poderá examinarse desa parte noutra data alternativa ou na convocatoria de decembro/xaneiro sen penalización algunha.

**II. Avaliación xuño-xullo:** Se o alumno/a obtívese unha cualificación superior ao 5 en algunha das probas obrigatorias desenvolvidas durante o cuadrimestre (tipo test, grupos medianos ou exposición de traballos) pero non aprobouse a materia na avaliación de decembro-xaneiro por non obter unha cualificación media superior ao 5, poderá conservar na avaliación de xuño-xullo a cualificación das probas aprobadas. Neste caso, o estudante quedará exento na avaliación final, na data oficialmente prevista, da proba ou da parte da proba superada, pero, a cualificación final correspondente á parte suspensa será unha media ponderada entre a primeira cualificación inferior a 4- (20%) e a obtida posteriormente (80%). En todo caso, o alumno/a poderá optar por someterse ao sistema de avaliación final. A nota obtida na avaliación continua non se conservará para convocatorias de cursos académicos posteriores. O alumno/a deberá neses casos someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

**2. Sistema de avaliación final:** O alumno/a que non cumpra os requisitos para acollerse ao sistema de avaliación continua ou que opte por non facelo, terá dereito a ser avaliado en decembro-xaneiro e en xuño-xullo mediante exame final que represente o 100% da cualificación na materia. O citado exame final constará de dúas probas: - Proba de respostas de desenvolvemento (80% da nota final), avaliándose os resultados de aprendizaxe e formación A2, A3, B1, B2, C59, C60, D1, D4, D5. - Estudo de casos/análises de situacións (20% da nota final), avaliándose os resultados de aprendizaxe e formación A1, A2, A3, A4, A5, B3, B4, C59, C60, D3, D4, D5.

Na convocatoria de fin de carreira, o alumno deberá acollerse necesariamente ao sistema de avaliación final.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e a todo o estudantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

NAVARRO NIETO, F., RODRÍGUEZ-PIÑERO ROYO, M., GÓMEZ MUÑOZ, J. M., **Manual de Derecho Social de la UE**, última edición, Tecnos,

MELÉNDEZ MORILLO-VELARDE, L., PÉREZ CAMPOS, A. I., **Materiales de Derecho Social Comunitario, teoría y práctica**, última edición, Tecnos,

NOGUEIRA GUASTAVINO, M., FOTINOPOULOU BASURKO, O., MIRANDA BOTO, J. M., **Lecciones de Derecho Social de la UE**, última edición, Tirant Lo Blanch,

MERCADER UGUINA, J. R., GÓMEZ ABELLEIRA, F. J., **Esquemas de Derecho Social de la UE**, última edición, Tirant Lo Blanch,

APARICIO TOVAR, J., **Introducción al Derecho Social de la Unión Europea**, última edición, Bomarzo,

SCIARRA, S. (Dir.), **Manuale di Diritto Sociale Europeo**, última edición, Giappicheli,

### **Bibliografía Complementaria**

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

Dereito do traballo e da seguridade social/O03G081V01504

---